

# As bágoas do Dragón

## Obxectivos\*

1. **Reflexionar sobre** a idea de que a paz se basea na confianza entre as persoas.

## Dinámica\*

### 1. Lectura dunha fábula xaponesa

O profesor ou profesora introducirá a actividade explicando que van ler un texto: unha fábula anónima de orixe xaponesa titulada “**As bágoas do Dragón**”.

A fábula será lida en voz alta polos alumnos e as alumnas. A aula pode ser dividida en cinco grupos. Entregarase a cada grupo unha das partes do texto.

#### TEXTO:

##### Grupo 1:

Lonxe, moi lonxe, na profunda caverna dun país estraño, vivía un dragón cuxos ollos escintilaban como chamizos ardentes. As xentes do contorno estaban asustadas e todos esperaban que alguén fose capaz de matalo. As nais tremían cando ouvían falar del e as crianzas choraban en silencio por medo a que o dragón as ouvise.

##### Grupo 2:

Mais había un meniño que non tiña medo:

- Taró, a quen debo convidar á festa do teu aniversario?
- Mamá, quero que convides o dragón.
- Estás a brincar? – dixo a nai.
- Non, quero que convides o dragón – repetiu o meniño.

A nai moveu a cabeza desolada. Que ideas tan estrañas tiña o seu fillo! Non era posible!

##### Grupo 3:

Mais o día do seu aniversario, Taró desapareceu da casa. Camiñou polos montes, atravesando torrentes e forestas, até que chegou á montaña onde vivía o dragón.

- Señor dragón! Señor dragón! – gritou con voz vibrante.
- Que acontece? Quen me chama? – pensou o dragón, sacando a cabeza fóra da súa enorme caverna.
- Hoxe é o meu aniversario e miña nai preparará un montón de doces – gritaba o meniño – Vin para te convidar.

O dragón non podía cre o que ouvía e ollaba o meniño gruñindo con voz cavernosa. Mais Taró non tiña medo e continuaba a gritar:

- Señor dragón! Vés á miña festa de aniversario?

##### Grupo 4:

Cando o dragón comprendeu que o meniño falaba a serio, conmoveuse e comezou a pensar:

- Todos me odian e me temen. Ninguén me convidou nunca a unha festa de aniversario. Ninguén me quere. Que bo é este meniño!

E mentres pensaba isto, as bágoas comezaron a brotar dos seus ollos. Primeiro unhas poucas, despois tantas e tantas que se converteron nun río que descendía polo val.

- Ven, monta na miña anca – dixo o dragón saloucando – Levareite á túa casa.

O meniño viu saír o dragón da súa tobeira. Era un réptil bonito, con sutís escamas coloradas, sinuoso como unha serpente, mais con patas moi robustas.

##### Grupo 5:

Taró montou sobre as costas do feroz animal e o dragón comezou a nadar no río das súas bágoas. E, mentres nadaba, por unha estraña maxia, o corpo do animal mudou de forma e medida e o meniño chegou felizmente á súa casa

conducindo unha barca con adornos moi bonitos e forma de dragón.

## 2. Análise do texto en común

Pedírase aos alumnos e alumnas que dean a súa opinión sobre as seguintes cuestións:

- Como vivía a xente?
- Por que credes que a xente non facía nada?
- Que fixo Taró? Por que o fixo?
- E o dragón?
- Cal foi a maxia que converteu o dragón nunha barca?
- Credes que no voso contorno se dan situacións parecidas á que narra a fábula? Se for así, quen é o dragón? Que se podería facer para convertelo en barca?

## 3. Traballo sobre unha situación real

Das situacións que xurdan do ambiente do alumnado, o profesor ou profesora escollerá unha.

O profesor ou profesora deberá dividir a situación en varias partes que poidan ser representadas (cómo era a situación inicialmente, quen fixo algo para mudala, como mudou...).

Pedirá a cada grupo de alumnos e alumnas (pode que sexa necesario modificar o número de grupos creados inicialmente) que fagan un debuxo e escriban unhas liñas sobre unha das partes da situación real, para contar a historia de forma análoga á fábula.

No debuxo, deberá haber elementos realizados por cada un dos membros do grupo (para potenciar que teñan que chegar a un acordo, que teñan que confiar no que farán o resto dos membros do grupo...).

Os debuxos poden ser realizados en cartolinas, que despois serán penduradas na aula de forma secuencial como se fose unha banda deseñada.

## 4. Preparación do acto simbólico

Unha vez analizados o texto e a situación formulada, pensade naquelas situacións e actitudes que dificultan a construción dun mundo en paz (o medo...) e escribídeas, poden ser palabras ou frases, ou debuxádeas en papel. Estes papeis serán utilizados para forrar os tetrabriks cos que se construírá o muro no acto simbólico do DENIP.

### Para continuar a traballar na aula:

O esforzo por construír un mundo máis xusto e en paz para todos e todas non se pode limitarse a un día no calendario, é por isto que desde Intermon Oxfam vos facemos outras propostas didácticas para continuar a traballar nesta liña:

- Monográfico **Construamos a paz** (unidade didáctica de 4 horas de duración). Propón unha reflexión sobre conceptos como a paz, a violencia ou o conflito. Pretende avaliar actitudes perante os conflitos para favorecer unha saída cooperativa aos problemas.

Podes descargar este material desde a web en [www.IntermonOxfam.org/educar/monograficos](http://www.IntermonOxfam.org/educar/monograficos) ou compralo a través do teléfono **902 330 331**

- Maleta pedagóxica **Armas baixo Control**. Proposta globalizada composta por diferentes materiais e recursos tanto para o alumnado como para o profesorado. Os obxectivos desta proposta son: coñecer o impacto que as armas representan para as sociedades, fomentar valores e actitudes que contrarresten a cultura da violencia e descubrir alternativas para a resolución pacífica dos conflitos.

A maleta está composta polos seguintes materiais, que poden ser adquiridos de forma conxunta ou individual a través do teléfono **902 330 331**:

- **1 Dossier informativo:** "Vidas destruídas".
- **1 DVD:** Fóra de control
- **4 Cadernos de traballo:**
  - Ciclo infantil "O agasallo de Memed"
  - Primeiro ciclo: "Unha sorpresa para Rosalina"
  - Segundo ciclo: "Bolboretas de cores"
  - Terceiro ciclo: "Un grito pola paz"
  - 2 Guías didácticas: Infantil e 1er Ciclo e 2º e 3er Ciclo
  - 1 Xincana: "Camiño a Huambo"